

Limiar

Francisco Dubert-García

Vítor Míguez

Xulio Sousa

No mundo existen na actualidade máis de 6000 linguas que son faladas por comunidades que viven en 195 países recoñecidos internacionalmente. En consecuencia, contra unha visión que propugna o monolingüismo como *normalidade lingüística*, resulta obrigado concluír que o contacto de linguas e variedades non é unha anormalidade, senón que é un feito inevitable e unha constante na historia das comunidades humanas. Neste sentido, a situación do galego e a das outras linguas peninsulares non resulta singular nin extraordinaria. Sen irmos máis lonxe, no ámbito ibérico dáse contacto entre as variedades orixinarias (galego, castelán, asturiano, portugués, vasco, aranés, catalán, aragonés, etc.) e entre estas e outras faladas por inmigrantes, os seus descendentes e residentes estranxeiros (romanés, árabe, alemán, wu, lingua quechua, etc.).

Na Península dáse tamén o contacto entre as diversas variedades lingüísticas adscritas a cada unha das linguas históricas, dado que os idiomas vivos non son entidades homoxéneas, senón conxuntos de variedades sociais, xeográficas, etarias etc. en convivencia e intercambio continuo. En Galicia recoñécese, por exemplo, a existencia dun galego tradicional, dun galego culto (coas súas subvariedades autonomistas e reintegracionistas), dun novo galego urbano etc.

As situacións de contacto, as súas causas e consecuencias, poden ser analizadas desde moitas perspectivas, xeralmente autónomas pero tamén complementarias (social, lingüística, etnográfica, histórica, psicolingüística etc.). Neste volume¹ pretendemos mostrar posibles análises lingüísticas de situacións de contacto en comunidades que nos son próximas cultural e xeograficamente no ámbito peninsular. A perspectiva que se pretende adoptar ten en conta os fenómenos

¹ A preparación e edición deste volume financiouise cos proxectos *Contacto e cambio lingüístico en galego* (FEDER/Ministerio de Economía e Competitividade, FFI2015-65208-P) e *Variación e cambio nos dominios galego e portugués no século XX* (FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, PGC2018-095077-B-C44), e coas *Axudas ás Unidades Investigación Competitivas do SUG* (FEDER/Xunta de Galicia, ED431C 2017134).

estritamente lingüísticos que o contacto produce. É ben sabido que alí onde se encontran xentes que falan diferentes idiomas existe unha tendencia, que moitos consideran natural, a buscar formas de facerse entender remontando as barreiras que as diferenzas lingüísticas levantan: cando entran en contacto linguas diferentes xorden os *pidgins*, os *crioulos* e as *linguas mixtas* (coma a *media lingua* en Ecuador ou o *michif* en Norteamérica); cando o contacto se dá entre variedades dunha mesma lingua obtéñense as *koinés*; cando as linguas en contacto se manteñen (ben porque non desaparece ningunha, ben porque non xorde outra nova), prodúcense os fenómenos de préstamo, interferencia, transferencia e converxencia. Todos estes casos son distintos, aínda que a crenza popular tenda a xuntalos e igualalos; de aí a afirmación incorrecta de que o galego está nun proceso de crioulización.

Os procesos de contacto teñen un sustento social, pois as linguas non existen á parte das sociedades e dos falantes que as usan. Interven en todos estes procesos factores coma:

- a. o grao de prestixio das linguas implicadas (que non deixa de ser unha consecuencia do recoñecemento social e do poder dos seus falantes), pois entre linguas de prestixios desiguais a converxencia pode ser máis ben unidireccional: a lingua menos prestixiosa converxe ou acomódase á máis prestixiada;
- b. o tempo, dado que os fenómenos de intercambio serán máis comúns e máis fortes canto máis tempo se prolongue unha situación de contacto;
- c. a intensidade do contacto, isto é, o grao de exposición ou acceso que os falantes teñen ás diversas variedades en cuestión, xa que os resultados non serán os mesmos se as dúas variedades están omnipresentes na contorna dos falantes ou a copresenza é meramente circunstancial e descontinua.

Segundo nos mostran os estudos realizados ata a actualidade, cando se producen interferencias e se manteñen as linguas, os fenómenos lingüísticos que unha lingua pode replicar doutra inclúen sons, morfemas e palabras, que implican algún tipo de *materia*; e significados, estruturas gramaticais, relacións sintácticas, ordes de palabras, que implican o que se podería denominar *estrutura*. Estes fenómenos de préstamo, que moitas veces comezan como actos individuais (e mesmo involuntarios) resultan da *convencionalización* destes feitos materiais e destas es-

truturas replicadas na lingua receptora, isto é, os fenómenos deixan de ser construcións circunstanciais, individuais, efémeras, ligadas a un contexto concreto, e pasan, coma calquera outro cambio lingüístico, a consolidarse e, sobre todo, a estenderse á lingua habitual dunha parte ou de todo o corpo social, unhas veces acomodando as formas vellas e outras mesmo eliminándoas.

Tamén é ben sabido que esta mestura de linguas produce moitas veces reaccións emocionais negativas: ridiculización, desprezo, condena, rexeitamento. Estas formas mesturadas percíbense como corrupcións ou aberracións, anormalidades, ameazas. As variedades resultantes destes procesos deixan de merecer respecto e gañan un valor social negativo. Esta valorización apréciase no uso leigo do termo *crioulo* aplicado ó galego popular que comentamos arriba: o feito de que se poida ridiculizar ou desprestixiar unha variedade chamándolle *crioulo* dá idea de que as propias variedades coñecidas como crioulos son consideradas ridículas, incompletas e de pouco prestixio.

Resulta evidente que estas visións negativas teñen orixe en posicionamentos identitarios, pois tanto as linguas coma os diferentes trazos e fenómenos individuais que as constitúen son fontes de identidade social. Moitas persoas preocupadas polas linguas e a súa pureza consideran que a converxencia implica sempre unha erosión dos trazos que sosteñen as diferentes identidades. Dito co famoso enunciado de Risco, «ser diferente é ser existente». Porén, as diferentes identidades poden expresarse de mil maneiras e os falantes poden focalizar uns trazos ou outros con distintos valores segundo as comunidades de que queren formar parte ou das que se queren distanciar. De feito, é hoxe común que moitos dos falantes do galego tradicional ou popular usen tanto os dialectalismos coma os castelanismos do seu galego para marcaren a súa identidade social fronte ós neofalantes ou ós falantes de galego culto ou urbano.

As visións negativas do cambio por contacto entre o galego e o castelán e das súas consecuencias existiron e existen incluso entre moitos profesionais da lingüística galega. Moitos traballos realizados sobre o contacto galego/castelán son repositorios de *interferencias condenables* e acostuman ir acompañados dunha linguaxe que os denota negativamente con trazos pexorativos coma *erros*, *corrupción*, *formas espurias* etc.

Con todo, o estudo en profundidade destes procesos resulta moi iluminador. Por un lado, móstranos os factores psicosociais implicados na variación e no

cambio lingüísticos, as relacións entre os falantes etc. Por outro, axuda a entender mellor a estrutura das linguas implicadas, pois, lonxe do que se cre, estes cambios son creativos e poden ser descritos mediante regras gramaticais e fonolóxicas coherentes. Polo tanto, lonxe de seren feitos caóticos ou estocásticos, os procesos de cambio por contacto, as interferencias, as converxencias, aproveitan os padróns estruturais das linguas modelo e das linguas replicantes, modifican ou recrean as estruturas lingüísticas e, facéndoo, móstrannos que estas existen e ó mesmo tempo dannos conta de como son.

Aínda que comunmente cando falamos de contacto temos en mente o contacto entre linguas, máis preciso sería referírmonos ó contacto entre variedades (sexan linguas, dialectos, sociolectos, estilos, rexistros etc.). As formas de expresión que entran en contacto son as variedades usadas polos falantes en cada momento e o que verdadeiramente se comparten e transfíren son trazos individuais destas variedades. Este feito de tomar trazos individuais pode acabar por afectar a calquera dos subistemas en que organizamos as linguas coa finalidade de estudalas.

Na confección deste volume tivemos presentes todas estas preocupacións e procuramos reunir unha serie de contribucións que nos permitisen abordar a análise do contacto do galego desde unha perspectiva máis rica que abranguese distintas situacións que se dan na Península Ibérica. Os sete traballos agrupados nesta publicación mostran tamén distintos enfoques sobre as diferentes posibilidades de contacto entre variedades. Dunha banda figuran os casos de estudo de contacto entre variedades moi próximas; por exemplo, preséntanse os resultados do contacto do mirandés co portugués, analizados por Alberto Gómez Bautista; do asturiano co castelán, estudados por Ramón de Andrés; as repercusións na fonoloxía do galego do seu contacto co castelán, investigador en detalle por Alba Agüete Cajiao; os efectos na sintaxe do castelán do seu contacto co galego, revistos por Victoria Vázquez Rozas. Doutra, o traballo de Matilde Vida-Castro explora o proceso de contacto entre variedades dunha mesma lingua (dialectos andaluces e castelán estándar). No capítulo de Sara Gómez Seibane móstranse os resultados do contacto entre dúas linguas de tipoloxía diferente, o castelán e o vasco. Finalmente, a análise dos estudos de contacto entre o castelán e o catalán permite a realización dunha reflexión crítica coma a de Carsten Sinner sobre os métodos e os logros deste tipo de traballos.

O traballo de Sinner abre o volume cunha contribución sobre a análise das influencias mutuas entre castelán e catalán en Cataluña e ofrece unha ollada crítica sobre o estudo do contacto lingüístico. O autor pon o foco en dúas ideas que dominan o discurso académico sobre o tema: no nivel individual, a maneira en que unha lingua inflúe sobre a outra depende do nivel de competencia do individuo en cada lingua; no nivel social, os efectos do contacto son asimétricos en favor da lingua dominante ou máis prestixiosa. Sinner fai un repaso histórico dos estudos de contacto en Cataluña e analiza o método empregado nalgúns dos principais traballos. Isto permítelle detectar certos erros metodolóxicos que advirten sobre os problemas dunha xeneralización excesiva dos resultados e, en última instancia, cuestionan a validez de ideas amplamente asumidas.

O segundo capítulo, asinado por de Andrés, trata a situación de contacto entre asturiano e castelán. O autor desprega un aparello conceptual que lle permite facer operativo o concepto de mestura de linguas e que, ademais, constitúe unha reflexión sobre as principais nocións da lingüística variacionista. Deste xeito, examina o contínuum dialectal entre o asturiano e o castelán *puros* e céntrase no papel que xoga a variedade híbrida *amestáu*. O estudo constata o desgaste que sofren as variedades do asturiano e demostra as vantaxes de combinar as perspectivas glotolóxica e perceptiva en traballos deste tipo.

Pola súa parte, Gómez Bautista analiza as consecuencias lingüísticas que para o mirandés (unha variedade de orixe ástur-leonesa falada nas Terras de Miranda, no nordés de Portugal) tivo o prolongado contacto co portugués. Aínda que o contacto vén de vello, a súa intensidade aumentou de xeito especial no século xx. Coma no caso galego, é un contacto entre unha lingua baixa minorizada, o mirandés, e outra lingua alta con poder, o portugués. O repaso abrangue a ortografía, a fonética e a fonoloxía, o léxico e a morfosintaxe.

A análise de Gómez Seibane serve de contraste, pois neste caso estúdanse os resultados do contacto entre dúas linguas tipoloxicamente moi distantes, castelán e éuscaro. Na análise demostrase que incluso sistemas lingüísticos moi afastados poden chegar a influírse mutuamente, de xeito que a distancia lingüística non impide os intercambios de estrutura gramatical. Tras unha breve caracterización do éuscaro, unha análise das condicións sociais e un resumo do marco teórico, a autora presenta algúns padróns de converxencia entre ámbalas linguas.

O traballo de Vida-Castro analiza como a pronuncia do castelán estándar interactúa coas pronuncias dialectais do andaluz (e estas mesmas tamén entre si) nos espazos urbanos do sur de España producindo fenómenos de koineización. A contribución ofrece unha visión panorámica dos procesos internos e externos que activan a converxencia e a diverxencia dialectais que afectan ós principais sociolectos do andaluz. Nel obsérvase como mentres algúns elementos moi salientes dos dialectos poden verse apagados e ser substituídos por formas próximas ó estándar, outros chegan a preservarse como formas de expresión de lealdades locais, dando orixe a fenómenos de diverxencia dialectal.

A contribución de Aguete Cajiao presenta os resultados dun completo estudo experimental con estudantes universitarios cuxa lingua inicial e habitual é o galego. A autora fai unha análise acústica dos resultados coa finalidade de deitar luz sobre o efecto do contacto co español no sistema vocálico do galego. O estudo demostra a existencia de varios modelos de vocalismo, tanto tónico como átono inicial, dependentes da procedencia (rural ou urbana) dos falantes. Esta variación en termos de hábitat permite establecer a existencia dun modelo vocálico conservador, propio de falantes rurais e en certa medida impermeable á influencia do español, e un modelo innovador, producido por falantes urbanos e converxente coa lingua dominante. Aguete Cajiao apunta que a esta variación de base social hai que engadir a variación situacional, xa que os contextos formais tenden a favorecer o uso do sistema innovador.

O volume pecha coa contribución de Vázquez Rozas, centrada no estudo da construción *había* + participio nunha variedade lingüística, o español de Galicia, supostamente carente de formas verbais compostas. O traballo emprega datos dun corpus oral estratificado socialmente e compara os usos da forma composta cos da forma simple en *-ra* (e.g., *cantara*). Os resultados revelan unha predominancia xeral da forma composta sobre a simple para a expresión de valores temporais indicativos, así como unha distribución por sociolectos. A prevalencia da forma composta entre os falantes cun maior nivel de estudos dá conta da influencia da presión normativa no éxito de *había* + participio. Ademais, este estudo é un exemplo dun fenómeno de contacto en que a lingua alta se ve afectada pola lingua baixa, pois os usos de *había* + participio como pretérito e copretérito son unha peculiaridade do español de Galicia que só é posible explicar desde a análise do contacto co galego.